

BASES DA III EDICIÓN DO CONCURSO COMPA(E)RTEO!, 2026

OBXECTO

A Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudiantil da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, organiza o concurso “COMPAERTEO!” que ten por obxecto premiar ao estudiantado que comparta nas redes sociais as súas experiencias nas Prácticas Académicas Externas do Curso 2025-2026 xunto cos estudantes dos mestrados bianuais que as teñen no derradeiro trimestre do ano 2026.

O concurso rexerase polas seguintes bases:

1. PARTICIPANTES

Poderá participar o estudiantado matriculado no centro, tanto de grao como de mestrado, que desenvolva as súas Prácticas Académicas Externas durante 2026.

REQUISITOS

O estudiantado debe subir ás súas redes sociais publicacións (fíos, fotografías, vídeos...) relacionadas coa súa experiencia no desenvolvemento de Prácticas Académicas Externas, empregando a lingua galega. Para iso terá que:

- Mencionar a @facultadexh, perfil da Facultade de Xeografía de Historia, en calquera das redes sociais nas que o centro teña usuario (Bluesky, Facebook, Instagram)
- Subir un mínimo de 8 e un máximo de 20 publicacións para a avaliación do xurado
- Os perfís deben ser públicos para a verificación do xurado.
- Enviar un correo cos contidos ou ligazón a **historia.acnl@usc.gal** para quedar inscrito con vontade de participación no concurso.

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN E PUBLICACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos deben ser publicados **durante o período de realización das PAE**, de xeito que, segundo a titulación, se deberán publicar dende o 29 de xaneiro ata o 25 de outubro de 2026.

3. PREMIOS

Outorgaranse un total de 3 premios económicos: 1º premio de 200€, 2º premio de 150€ e 3º premio de 100€; a estas contías cómpre descontar os impostos correspondentes.

Todas as persoas premiadas terán a obriga de entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia que acredite a súa vinculación universitaria (título, impreso de matrícula, etc.)
- Certificación bancaria co número de conta onde efectuar o ingreso. E no caso de que a idea premiada pertenza a varias persoas, acordo asinado por todo o equipo promotor para poder facer o ingreso a unha soa persoa.

4. XURADO

O xurado estará composto por representantes da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Xeografía e Historia, do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, dunha empresa dedicada á comunicación dixital e dun representante do estudantado de 3º curso.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valorarase a capacidade creativa, a comunicación e a difusión de contidos e actividades realizadas nas Prácticas Académicas Externas.

6. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a plena aceptación das súas bases e da decisión do xurado. A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto un ou varios premios se considera que non houbera contidos suficientes ou que cumpran os requisitos.

Para calquera outra dúbida, contactar a través do correo **historia.acnl@usc.gal**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O decano,
Antonio Miguez Macho

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO MIGUEZ MACHO,
DECANO A DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
28/01/2026 19:06:33.

CSV: 4D3D-D559-4EBD-BFBE